



Guía Docente				
Datos Identificativos				2011/12
Asignatura (*)	Recursos e estratexias para a intervención no tempo libre		Código	652G03030
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Pose Porto, Hector Manuel	Correo electrónico	hector.pose@udc.es	
Profesorado	Pose Porto, Hector Manuel	Correo electrónico	hector.pose@udc.es	
Web	www.udc.es/dep/pdce/HectorPose			
Descrición xeral	De natureza eminentemente práctica, ademais da docencia do profesor responsable, tratarase de convidar a expertos no sector a compartir experiencias co alumnado.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer a terminoloxía específica da pedagogía do lecer o do tempo libre	A1		
Elaborar e xestionar medios e recursos para intervención no tempo libre	A15	B3 B6	C6
Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan presentar, defender e desenvolver proxectos cara o tempo libre	A7	B6	C1 C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Lecer e tempo libre na sociedade contemporánea e as súas potencialidades educativas.	
2. A acción-intervención educativa no tempo libre.	2.1 Espazos, ámbitos e contextos da acción-intervención no tempo libre.
3. A animación teatral como ferramenta de intervención no tempo libre en múltiples contextos.	3.1 Xenealoxía da animación teatral. 3.2 A súa práctica. 3.3 O teatro lido como recurso.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	20	0	20
Traballos tutelados	2	30	32
Aprendizaxe colaborativa	1	6.4	7.4
Estudo de casos	10	40	50
Discusión dirixida	3	3	6
Lecturas	2	4.6	6.6
Simulación	2	8	10
Proba mixta	2	16	18
Atención personalizada	0	0	0



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>xposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo</p>
Discusión dirixida	<p>Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.</p>
Lecturas	<p>Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.</p>
Simulación	<p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levava a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Os traballos tutelados nesta materia serán especificados polo docente na presentación do programa o primeiro día de clase.	20



Lecturas	O Dossier do alumnado que se porá a disposición do mesmo, serán artigos e documentos que, a longo das clases, o profesor poderá solicitar unha opinión sobre eles. Para computar positivamente ditas lecturas, o profesor formulará cuestións ao redor dos mesmos.	10
Proba mixta	Será sen material, na data establecida pola xunta de Facultade, e constará de dúas preguntas. Unha longa a desenvolver (70%) e outra curta (30%).	70

Observacións avaliación

As persoas que non acadan un mínimo do 80% das sesións presenciais, de querer superar a materia deberán:

a. Realizar unha proba teórico-aplicativa o día do exame que supón o 100% da cualificación deste alumnado.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022

Dinamización de espazos de proximidade e participación social/652G03033

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Animación e xestión sociocultural/652G03017

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías